

Propostas para a formación de futuros docentes de linguas.  
Unha achega desde a Facultade de Filoloxía da USC

Ignacio M. Palacios  
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

## **1. Introducción**

A continuación se expoñen unha serie de reflexións sobre o papel que podería e, quizais tamén, debería cumprir a Facultade de Filoloxía da USC na formación de futuros docentes de linguas. Como punto de partida é importante ter en conta que das saídas profesionais dos actuais licenciados en Filoloxía, corrección e asesoría lingüística, tradución e interpretación, turismo, relacións públicas, edición textual, controlador áreo e comercio exterior, entre outras, arredor do 60% dos mesmos adícanse á docencia, ben en Institutos de Ensino Secundaria, Escolas Oficiais de Idiomas ou en colexios e academias (Universidade de Santiago, 2004). Este feito pon de manifesto a responsabilidade tan importante que este centro univesitario debe asumir na formación académica e didáctica dos seus egresados.

Para falar da formación dos futuros docentes de linguas no contexto actual e desde a Facultade de Filoloxía, temos que comezar explicando brevemente como se organizan os actuais graos neste centro. Unha vez resolta esta cuestión, estaremos en condicións de facer propostas sobre a formación que se pode proporcionar aos seus graduados nun futuro, sen esquecer tampouco a existencia do xa programado Máster de Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas que botará a andar a principios do 2010 e que terá como principal obxectivo a preparación pedagóxica do alumnado que o realice.

## **2. Os novos graos da Facultade de Filoloxía: estrutura e modalidades**

No novo escenario que nos atopamos como resultado da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, pasamos das antigas 9 licenciaturas en Filoloxía (Filoloxía alemá, clásica, francesa, galega, hispánica, románica, italiana, portuguesa e inglesa) a 5 novos graos:

- Grao en Lingua e Literatura galegas;
- Grao en Lingua e Literatura inglesas;
- Grao en Lingua e Literatura españolas;
- Grao en Lingua e Literatura modernas (francés/ alemán/ italiano/ portugués); e

- Grao en Filoloxía Clásica

Chaman a atención as novas denominacións, Grao en Lingua e Literatura..., renunciando á tradicional etiqueta de “filoloxía”, quizais nun intento de transmitir algo novidoso á sociedade e, se cabe, con maior transparencia. O termo “filoloxía”, que sen dúbida ningunha non deixa de ter vixencia e significado xa que etimoloxicamente fai referencia ao “agarimo” polas linguas e por todo o que estas representan, unicamente se conserva no caso do Grao en Filoloxía Clásica, precisamente polo carácter “clásico” desta especialidade. Fronte a denominacións alternativas empregadas noutras universidades do Estado coma “Estudos Ingleses”, “Estudos Hispánicos”, “Estudos Franceses”, no noso caso optouse por unha nomeclatura de carácter máis neutro.

Deixando etiquetas ou nomes de lado, cómpre sinalar que a nova oferta de graos se caracteriza pola súa flexibilidade, semellante á existente na maioría das institucións universitarias europeas, que permite combinar o estudo da lingua e literatura que se elixa como principal cunha segunda, e mesmo cunha terceira ou con módulos específicos de Lingüística Xeral, Teoría da Literatura ou Filoloxía Románica.

Todos estes graos de 360 créditos inclúen un módulo básico (60 créditos), un *major* ou módulo de especialización (120 créditos), un módulo complementario (24 créditos), un módulo optativo (24 créditos) e un traballo de fin de grao (12 créditos).

A gran flexibilidade destes novos graos á que facíamos antes referencia permite entón a posibilidade de varias modalidades:

- *Modalidade maior e minor*: Combina unha especialidade principal con outra secundaria. Así, por exemplo, un estudante poderá graduarse en Lingua e Literatura galegas cun *minor* en Lingua e Literatura españolas, ou poderá realizar un grao en Lingua e literatura inglesas cun *minor* en Lingua e Literatura francesas. As posibilidades de combinación son múltiples, respondendo así máis directamente ás necesidades e intereses do alumnado.
- *Modalidade mixta*: É similar á anterior no sentido que o alumnado se especializa nunha lingua e literatura pero ademais lle permite subespecializarse non só noutra lingua e literatura senón incluso noutras dúas; así, por exemplo, un estudante pode graduarse en Lingua e Literatura galegas cun módulo de Literatura francesa e outro de Estudos Lusófonos.
- *Modalidade de maior plus*: Esta opción está concibida para aqueles alumnos que queiran afondar nunha lingua e literatura de maneira

exclusiva; deste xeito só realizan un módulo de 30 créditos noutra lingua e o resto se centran na lingua e literatura do seu particular interese. Esta modalidade non diferiría en moito da organización xeral das filoloxías actuais.

Do anterior se desprende que o perfil do futuro profesor de linguas de Secundaria vai ser máis multidisciplinar que o actual pois posuirá coñecementos bastante avanzados de alomenos dúas linguas aínda que quizais tamén con menor especialización en moitos casos nunha lingua determinada. De todos os xeitos, débese garantir que esta multidisciplinidade non entre en conflito coa especialización. Porén, esta orientación está en consonancia co que está a ocorrer noutros países da nosa contorna como Francia, Reino Unido e Portugal, por exemplo, onde os profesores de linguas non sómente acostuman a ensinar unha única lingua senón ás veces dúas que xeralmente pertencen á mesma familia lingüística: español e francés, español e portugués, inglés e alemán, francés e italiano, etc.

### **3. Novos graos: competencias e obxectivos**

En función disto, que propostas poden facerse na formación académica destes alumnos como futuros docentes?

Como obxectivos destes novos graos, os alumnos terán que adquirir toda unha serie de competencias, desenvolver unha gran variedade de destrezas e assimilar e interiorizar determinadas actitudes.

#### *3.1. Competencias*

Distinguiremos cinco grandes bloques: competencias comunicativas (lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas) competencias interculturais, competencias plurilingües, competencias no uso das TICs e competencias para o traballo autónomo.

##### *3.1.1. Competencias comunicativas*

Desde o punto de vista das competencias, é, loxicamente, importante que o alumnado adquira un coñecemento avanzado da lingua ou linguas que está a estudar, pero este coñecemento non debe ser unicamente de carácter teórico senón tamén práctico, é dicir, un graduado en lingua e literatura españolas/ inglesas/ modernas/ galegas debe estar en condicións de comunicarse a un nivel elevado, semellante ao dun falante nativo (nivel C2 do Marco Común Europeo de Referencia), e ao mesmo tempo ten que ser capaz de reflectir sobre a natureza e o funcionamento interno das linguas estudadas, estando en condicións de poder describilas a outros con rigor científico e

exactitude. Isto debe aplicarse de maneira indistinta ás linguas propias como ás linguas estranxeiras e isto xustifica tamén a existencia no currículo dos novos graos de materias orientadas hacia o dominio instrumental da lingua (lingua galega, lingua francesa, lingua alemá, lingua inglesa, etc.) xunto con outras xa máis centradas na descrición teórica das mesmas (gramática galega, gramática francesa, gramática alemá, gramática inglesa, etc.).

De acordo co anterior, os novos graduados adquirirán toda unha serie de competencias comunicativas que implicarán un conxunto de competencias lingüísticas en relación con todos os niveis da lingua, desde o léxico ao fonolóxico, pasando polo semántico, gramatical, ortográfico e ortoépico, competencias sociolingüísticas (capacidade para producir e entender adecuadamente expresións lingüísticas en diferentes contextos de uso nos que se dan factores variables tales como a situación dos participantes e a relación existente entre eles, as súas intencións comunicativas, o evento comunicativo e as conveccións da interacción), así como unha grande variedade de competencias pragmáticas (organización e secuenciación das mensaxes e o seu uso para realizar funcións comunicativas). Sen embargo, todas estas competencias comunicativas, sociolingüísticas e pragmáticas non serán suficientes. Con todo, o alumnado precisará obter tamén competencias interculturais.

### 3.1.2. Competencias interculturais

É evidente que unha lingua non é só unha mera amalgama de sons e significados, un código lingüístico, senón que tamén representa unha cultura que a sustenta. Estudarmos unha lingua sen ningunha mención cultural, de maneira descontextualizada, non ten ningún valor nin sentido. O estudo da lingua implica tamén coñecer a súa historia, as súas principais manifestacións literarias; conleva igualmente estar familiarizado coa sociedade da comunidade ou comunidades nas que se fala, incluíndo información sobre os seus hábitos e costumes, a vida diaria, as condicións de vida, as relacións persoais, os valores, crenzas e actitudes, a linguaxe corporal e as convencións sociais. Todo isto é o que se coñece como competencias interculturais.

### 3.1.3. Competencias plurilingües

Parece tamén obvio que un docente de linguas non só debe ter competencias comunicativas e interculturais senón que tamén debe estar en condicións de establecer comparacións, relacións e vínculos entre as linguas. Nesta liña destaca o concepto de *plurilingüismo* que defende a proposta do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (Consello de Europa, 2001) e que trata de trascender á noción do

*multilingüismo*, esta última entendida como o coñecemento independente de idiomas diferentes ou a simple convivencia de varias linguas. O enfoque plurilingüe vai máis aló, incidindo no feito de que conforme se expande a experiencia lingüística dun individuo nos ámbitos culturais dunha lingua, a persoa non mantén estas linguas e culturas en compartimentos estancos, totalmente illadas e independentes, senón que vai establecendo relacións e paralelismos entre as distintas linguas que interactúan entre si. O individuo adquire así unha competencia plurilingüe onde vai integrando todos os saberes das distintas linguas que vai adquirindo e coas que está en contacto. A iniciativa do Porfolio Europeo das Linguas (Consello de Europa, 2000) pode adquirir pleno significado nesta dirección.

A finalidade educativa xa non estará simplemente na consecución do dominio de dúas ou máis linguas. O obxectivo último será o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que teñan cabida todas as capacidades lingüísticas do individuo.

#### 3.1.4. Competencias no uso das TICs

As novas tecnoloxías da comunicación e información abren todo un mundo de posibilidades que o docente debe alomenos coñecer. Tempo terá nunha fase posterior para aprenderen a súa posta en práctica na aula e a súa explotación didáctica. De acordo con isto, o graduado en linguas deberá estar familiarizado cos bancos de datos, corpus de moi diverso tipo, dicionarios e glosarios electrónicos, gramáticas e outros recursos informáticos relacionados coas linguas que estudie.

#### 3.1.5. Competencias para o traballo autónomo

Unha lingua non se adquire só entre as catro paredes. Os alumnos deben dispor das ferramentas para aprender independentemente e durante toda a vida. Precisamente unha das eivas que aqueixan ao noso sistema educativo no momento presente é que os alumnos aprenden unha lingua durante os anos que dura a súa etapa de escolarización pero despois a esquecen parcialmente o incluso na súa totalidade porque non continúan traballando con ela nin a practican con frecuencia ao non dispor das oportunidades para facelo nin das competencias para seguir aprendendo de forma autónoma.

### 3.2. Destrezas

De nada serve posuir un gran número de competencias de moi diverso tipo, se despois non somos capaces de utilizar a lingua con corrección. Por esta razón, o alumnado terá que adquirir destrezas de comprensión e interacción oral, comprensión e interacción escrita e destrezas de mediación (tradución, interpretación, etc.). Os

graduados da Facultade de Filoloxía deberán estar en condicións de poder comunicarse oralmente e por escrito coa debida fluidez e propiedade. Un bo coñecemento do uso da lingua resulta imprescindible para un efectivo ensino da mesma. Evidentemente iso por si só non é suficiente pois ignoraríamos a importancia do compoñente pedagóxico aínda que constitúe un magnífico punto de partida.

### *3.3. Actitudes*

Se as competencias e as destrezas son importantes, non serán menos as actitudes. De nada serve estar dotados de amplos coñecementos e destrezas se os nosos graduados non teñen actitudes abertas ao mundo das linguas, de tolerancia e respecto aos demais e ás súas linguas como formas de expresión. Por esta razón, o compoñente actitudinal dalgún xeito subxace ás competencias e destrezas. Nos novos graos é fundamental promocionar este tipo de actitudes. Todas as linguas sen excepción ningunha son importantes e todas elas cumpren un papel relevante, desenvolvendo unha ou varias funcións dentro da súa comunidade de falantes. Os graduados en linguas deben ser conscientes da necesidade de protexer as linguas; as cifras de morte lingüística son alarmantes e débennos facer reflectir sobre as súas implicacións (Crystal, 2003). Ademais da promoción de determinadas actitudes lingüísticas, debemos tamén favorecer certos hábitos de estudo como o traballo en grupo e a colaboración en contextos multilingües. Na liña da teoría do plurilingüismo comentada máis arriba, os graduados en linguas e literaturas deben estar abertos a traballar en colaboración con outros especialistas doutras linguas con vistas a levar a cabo proxectos conxuntos o día de mañá nos centros educativos onde desenvolvan a súa tarefa docente. Así mesmo, cómpre favorecer a capacidade de análise e de reflexión, inherente a todo acto educativo que se precie.

## **4. Reflexións finais**

Dispoñemos nestes momentos dun bo marco para a consecución dos obxectivos antes comentados. E tamén esencial cuestionar o que agora temos para construír algo mellor. Neste sentido actividades como estas Xornadas de Educación e Linguas en Galicia onde se encadra esta comunicación poden facer achegas significativas. Parece tamén necesario un cambio fundamental de mentalidade por parte da sociedade, en xeral, e dos seus representantes políticos, en particular, na súa consideración das linguas. Non é suficiente recoñecer ou dicir que o coñecemento das linguas é importante, cómpre

dotar ao sistema educativo dos suficientes recursos materiais e humanos para poder acadar unha boa formación académica e pedagóxica dos futuros docentes. Así mesmo, non debemos esquecernos do tratamento prioritario que se lle deberá dar á formación inicial e permanente do profesorado. Sen unha boa formación do profesorado, o grao de éxito será mínimo e as metas educativas inalcanzables.

### **Referencias bibliográficas**

Consello de Europa. 2000. *European Language Portfolio (ELP): Principles and Guidelines*. Estrasburgo. Consello de Europa. (As versións españolas do Portfolio para educación infantil, primaria, secundaria e adultos foron promovidas polo Ministerio de Educación e validadas pola Axencia Europea no 2003). Para maior información, pódense consultar as páxinas electrónicas seguintes:

<[http://www.mec.es/programas\\_europeos/jsp/plantilla.jsp?id=343](http://www.mec.es/programas_europeos/jsp/plantilla.jsp?id=343)>,

<<http://culture2.coe.int/portfolio>>,

<[http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXFP/p\\_europeos](http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXFP/p_europeos)>

Consello de Europa. 2001. *Common European Framework for Languages: Teaching, Learning and Assessment*. Cambridge: Cambridge University Press. (Existe unha tradución-adaptación ao galego realizada pola Xunta de Galicia do 2005, co título *Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas: Ensino, aprendizaxe, avaliación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro).

Crystal, David. 2003. *A morte das linguas. Razóns para a sobrevivencia*. Vigo: Galaxia.

Universidade de Santiago, 2004. *Guía das saídas profesionais das titulacións da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago: Imprenta universitaria.